

BANDO DA ALCALDÍA

Servizo de Recollida a domicilio de residuos para o Punto Limpo.

Este Servizo, que xa se ben prestando dende fai tempo, mediante un Convenio firmado coa Deputación Provincial de Ourense, facilítanos a todos a comodidade de non ter almacenados trastos ou aveños (enseres) que xa non nos fan servizo.

O único requisito é chamar ao Concello ao teléfono **988340120** para anotar todo aquilo do que queiramos desfacernos, e mantelos gardados no domicilio ata que lles avisen de que se vai recoller, polo que mais doado non o podemos ter, e non xustifica a aparición destes elementos depositados polas rúas ou tirados por calquera sitio cal vertedoiro.

No tríptico que se publica xunto con este Bando, se informa de que tipo de residuos se recollen.

Tamén quero informar que non se recollen nin se poden depositar nos contedores de lixo doméstico (verdes), os escombros e materiais de obra, xa que estes teñen que ser levados polos contratistas a Xestores autorizados para a súa eliminación.

Viana do Bolo, 21 de maio de 2024

O Alcalde. Andrés Montesinos Rodríguez

Se prefiren levalos directamente aos Puntos Limpos mais próximos, deberán chamar aos teléfonos:

A Gudiña 648067682 Horario: Martes e Venres de 09:00 a 14:00 horas

A Veiga 648067682 Horario: Sábados de 09:00 a 14:00 horas

